

ADIANTE

FEDERALISMO
SOCIALISMO
A. VILADOT
DEMOCRACIA

Organo do Partido Socialista Galego

ANO II - Nº 1

MAIO 1966

O PROGRAMA SOCIALISTA GALEGO NON OFRECE SOLUCIOS MILAGREIRAS, SENON MEDIDAS CONCRETAS PRA OS PROBLEMAS PECULIARES DE GALICIA

Editorial

As forzas democráticas españolas acordaron xa un artellamento que ninguén podería ter maxinado hai poucos anos.

Como agora recoñecen os socialistas europeos, á vella burocracia de P.S.O.E. de Toulouse, xa non está en contacto co realidade española, e non representa seriamente ás auténticas forzas socialistas nascidas espontaneamente nos núcleos de maior tradición democrática: Cataluña, Galicia, Valencia, Euzkadí e Madrid. Isto non quer decir, naturalmente, que os novos socialistas reneguemos da tradición de loita obreira e democrática do P.S.O.E., mais hai moitos aspectos da realidade española que o vello socialismo, representado po-los eisitados de Toulouse, xa descoñecen. Un dises aspectos - pra nó, fundamental - é a vontade de afirmación da personalidade propia, na que comungamos vascos, valencians, cataláns e galegos, e outro aspecto é a creencia de que somentes nunha organización federal do Estado (non referida samente aos catro países citados, senon a todo o corpo peninsuar) pode ter realidade a democracia socialista.

Compañeiros: chegou xa o intre de nos dispor a loitar decididamente po-la nova España federal, socialista e democrática. Sabemos agora que imos contar co apoio e mai-la axuda internacional dos compañeiros ingleses - cuia victoria eleitoral do 31 de marzo asegura a continuidade do seu esforzo po-la democracia socialista en Europa, - e tamén dos compañeiros italiáns, alemáns, franceses i escandinavos. Todos lles saben que os novos Partidos Socialistas españoles, artellados nunha federación prelude de federación de países ibéricos, son grupos sinceramente democráticos i europeístas, que teñen como

ideal o establecemento dunha Europa socialista e democrática.

Compañeiros: no gran labor que está por facer, o Partido Socialista Galego tén que se destacar po-la súa adicación á loita, po-la súa organización, po-la súa unidade, po-lo realismo das suas opinións. Compre que todo-los galegos socialistas, que ate agora estaban desvencellados da política ativa por causa dunha vella die-

tadura, entren no Partido e realicen as tarefas de orgaización, proselitismo, propaganda e administración, que un movemento político auténticamente popular eisixe dos seus membros. Xa non é tempo de se laiar en conversas privadas, de lembrs vellos dias de loita nin de soñar sin esperanza futuros de liberdade. Temos nos nosas máus a posibilidade de edificarmos un país próspero, unha sociedade democrática, un sindicalismo auténtico, unha economía socializada, pra engadirmos o noso esforzo ao dos compañeiros que loitan en toda Europa po-lo socialismo.

O Partido Socialista Galego agrupa xa a xentes de todo o país. Os nosos dirixentes son homes do pobo, adicados enteira-mente á defensa dos traballadores galegos do campo, do mar e da industria. Temos relacións estreitas e froitíferas cos outros partidos socialistas españoles. E agora abrocha a fermosa perspetiva de termos a axuda dos grandes partidos socialdemócratas de Europa.

O Partido Socialista Galego está chamado a trunfar no noso país, poisque o seu programa non é unha adaptación de ideoloxias alleas nin de fórmulas abstractas, senon resultado dun estudo fondo e perspicaz da realidade da nosa terra. O programa socialista galego non ofrece solucións milagreiras, senon medidas concretas pra remediación dos problemas peculiares de Galicia. E iso pódese ver craramente no contido diste Boletín. Leede «Adiante» percurade leitores nas vosas fábricas, oficinas, aldeas i escolas. Discutide cos vosos amigos os problemas e o enfoque que se lles da eiquí. A Galicia futura dependerá de que entre todos seipamos xulgar a realidade i elaborar unha política galega, socialista e democrática.



Somentes nunha orgaización federal do estado pode ter realidade a democracia socialista

UBB
Biblioteca de Comunicación
i Hemeroteca General
CEDOC

A LOXICA DOS NÓS OUXETIVOS

DEMAGOXIA INDU

Percuramos unha economía artellada conforme a unha planificación descentralizada nunha democracia socialista federal.

O principio democrático é sustancial ó devandito réxime económico, e máis ós sistemas social e político que leva aparelados.

O principio federal é, pra nós, consustancial co democrático.

Rexeltamos — como fórmula final ou como transitoria — toda modalidade de totalitarismo político, é dicir, de situación institucional na que o Estado engule ó individuo e abafa a liberdade e os dereitos esenciais do home.

O centralismo é inconciliábel cos intereses económicos, socias, culturais e políticos de Gallaia.

A descentralización, se non é planificada, pode conducir á anarquía económica.

A planificación, aínda funcionalmente ou técnicamente descentralizada, pode ser instrumento do totalitarismo se non se apoia nunha democracia política auténtica.

Unha planificación económica descentralizada e unha democracia política requiren o nexa do principio federal pra se armonizaren axeitadamente e acadaren viabilidade certa conxuntamente.

Velahí por qué percuramos unha economía artellada conforme a unha planificación descentralizada nunha democracia socialista federal.

O simplismo demagóxico da política económica española é fabuloso. A complexa presenza da realidade galega deslízase coma por feitizo nos despachos da burocracia oficial madrileña e queda reducida a dous ou tres elementos tópicos moi doados de manexar. Así resultan logo as cousas, craro é.

A política oficial «de desenvolvemento» identifica, por exemplo, de feito, «meio rural» con «seitor agrario», e «industria» con «aglomeración urbana». E dicir, asimila equívoca e infundadamente os criterios laboral e espacial. Deste xeito despreza paladinamente os esenciais datos que configuran as estreitas raxas xeográficas, demográficas, socias e culturais do país galego. O resultado é que se artella o desenvolvemento de maneira tal que a necesaria transferencia de forzas de traballo da agricultura á industria e máis ós servizos convírtese realmente nun éxodo rural. Ou sexa, que a transferencia económico-profesional (necesaria) convírtese en desplazamento físico da poboación (supérfluo).

Agora ben, máis das 3/4 partes do pobo galego radica no meio rural. Enténdase ben: trátase de poboación rural, non por forza poboación de aitividade agraria. Galicia ten 2.600.000 habitantes. Ningunha aglomeración urbana galega supera os 150.000 habitantes. Somentes 7 concellos en toda Galicia están centrados en aglomeracións urbanas de máis de 15.000 habitantes, todos eles abranguen considerábeles espazos rurais e, por xunto, non suman unha poboación superior ós 600.000 habitantes. Imaxínese, pois, o que significa en tales condicións facer consistir a política de desenvolvemento nunha **industrialización urbana**, e, por riba, concentrar o «esforzo» en dúas «urbes-polos», centros de concellos cunha poboación total que non supera os 350.000 habitantes in cruidas as zonas rurais que abranguen.

A desproporción resulta evidente pra calquer home de boa fe. Como é evidente que as cidades galegas non teñen capacidade de absorción abondo pra dar acollida, xa non á totalidade, senón nin siquiera a unha maioría razoable da poboación rural que, de xeito tan simplista, a política oficial borra do mapa. Hai dous anos que funcionan oficialmente ísas dúas vilas como «polos de desenvolvemento». Moito se levan venteado no prensa as cifras de novas inversións chegadas ó recendo de larpeirada despedido polas ventaxas prometidas ás empresas que se instalen nos «polos». Moito se téñ falado dos milleiros de postos de traballo que crearían os novos proieitos de industrias. O que xa non se dí tan craro é que, por exemplo, no «polo» de Vigo, dos setenta e tantos proieitos aprobados nistes dous anos somentes meir ducia están en curso de execución. A iste paso é moi probable que en vintecincos anos de paz e desenvolvemento económico as novas empresas atraídas polo «polo» creen unha cifra de postos de traballo semellante á que da a emigración galega nun ano. Craro é que hai que téñ en conta os efectos de «multiplicación», «indución», «irradiación» e demais panaceas dos «polos».

Mais aínda que a capacidade de absorción das vilas galegas fora máis outa, seguiría a ser reprochable unha política fo-

Iste non é un comunicado do Partido Socialista Galego

ACUERDOS DE LAS JUNTAS RECTORAS DE UTECO

Tras las deliberaciones se ha facilitado la siguiente referencia: «Las Juntas Rectoras de las Uniones Territoriales de Cooperativas del Campo de la región gallega, reunidas en la ciudad de Santiago con el presidente y secretario de su Unión Nacional, quieren hacer constar ante la opinión pública por medio de la Prensa, cuáles son las directrices, los proyectos y las necesidades del campo, «sector deprimido» en frase de un Santo Pontífice.

Galicia posee unas características geográficas, sociales, económicas, bien definidas, y tan expresivas que no hay posibilidad de que encuentren analogía en ninguna otra región de España. Su diseminación es tan extraordinaria, que no hay forma posible de buscar solución a sus problemas agrarios, como no sea a través de la asociación campesina que encuentra su molde a través de las Cooperativas que por ser de derecho natural tienen que recibir la colaboración de la opinión pública, ya que la cooperación es un sistema universal de bien común que tiene repartidas hoy por el mundo 881.000 Cooperativas y éstas son una doctrina social-económica, un régimen y un sistema, superior a los antiguos gremios.

Hasta ahora, las realizaciones sociales que quisieron establecerse en Galicia, no han captado la realidad social de una región, de suelo y clima totalmente distintos a las demás regiones, de propiedad más dividida, carente de tierra de cultivo en un 60 por 100, digna de protección más eficaz.

EL PLAN DE 1944

El primer Congreso Agrícola de 1944 había ideado un plan para la región, que quedó minimizado. Surgió luego el Plan Coruña, que al limitarse a una sola provincia y no contar con un presupuesto tan real como las promesas que se le ofrecieron, ni estar dirigido desde la región, sino centralizado en Madrid, ha reducido sus indiscutibles beneficios a la concentración parcelaria y a obras de colonización muy inferiores a sus necesidades.

Han surgido luego los dos Polos de Desarrollo Industrial, que si bien es cierto que absorben el excedente del campo que no puede o no quiere expandirse por Europa y América, soslayan el problema agrario en toda su extensión. El titular de este Departamento ha dicho que «España no llegará a ser un país con pleno desarrollo industrial, si la agricultura no va mejorando paralelamente su eficacia en todos los órdenes».

Mais si os que tal pensan fosen consecuentes entrarían no partido

INDUSTRIALISTA ESTATAL FRENTE A REALIDADE ECONOMICA

mentadora do éxodo rural en Galicia. O éxodo existe xa espontaneamente i é de seu desmedido. Non compre fomentalo. Nin lle convén a Galicia a creación de grandes cidades a costa do resto do país, dadas as súas condicións estreituras, si de certo procuramos o medrar do conxunto.

Nefeito, as peculiares características infraestructuras da economía galega imponen unha mínima dispersión da poboación. Compre respetar o meio rural, en

Galicia, dentro de límites a establecer. Compre manter a estreitura rural de boa parte da nosa comunidade. O que de ningún xeito significa que se trate de condenala a unha economía escrusivamente agraria, ó atraso técnico, á miseria cultural, á penuria de servizos públicos, ó afastamento e máis á orfandade social. Son estes os problemas que compre resolver. Son, como ben se albisca, problemas dunha comunidade: a que vive no mundo

rural galego. Deixar que a diezme o éxodo non é máis que un xeito de destruíla, de facela perecer. Facer perecer unha comunidade que abrangue — compre repetilo — máis das 3/4 partes da nosa xente. Nunha soia verba: destruír Galicia.

Se non houbera outra saída, se o coste do desenrolo do noso mundo rural fora desorbitado, se a cadencia posible da súa milloría fora demasiado lenta, a actitude oficial de oxe seguiría a ser infecunda, mais cando menos resultaría ceais escusable. Mais non é iste o caso. Un desenrolo relativamente homoxéneo — xa que non postulamos, dende logo, unha uniformidade quimérica — é viable na xeneralidade do espazo galego. I o é porque os seus factores existen espacialmente ciscados polo país.

Ciscado está o factor traballo, pois que espallado está o noso habitat. Ciscados están a maioría dos nosos máis importantes recursos naturais. Ciscada está a enerxía, pois que as centrales hidroeléctricas se axustan á contestura da nosa rede hidrográfica, que cobre a imensa maior parte da nosa xeografía. Espallada é a nosa rede de comunicacións, aínda que a súa densidade sexa insuficiente. Extensa, retrincada e similarmente explotábel é a nosa beiramar. Se algunha vez a infraestructura dun país pronunciou radicalmente a favor da desconcentración da actividade económica, facendo mínimas as economías da concentración e máis evidentemente gravosas prá comunidade os seus costes, iste é o caso de Galicia.

Mais a política económica oficial, farrovello de rexionalismo económico de circunstancias, limitase a converter en « polos » oficias de desenrolo industrial os dous centros máis importantes de concentración industrial espontánea previamente existentes, e máis a anunciar tímidos remedos de política reformista pró seitor agrario, de pouca monta e retrasada.

En tales condicións, a política económica oficial ñora sistemáticamente os intereses auténticos da comunidade galega. Nos derradeiros tempos da vida de Galicia, baixo o réxime política aital, o retorno ós enfoques e ás fórmulas máis reaccionarias, a xeneralizada corrupción política e máis o desorde institucional — no meio do « orde » carcelario que vive o país — teñen agravado a situación. En última instancia, se a « política económica » oficial segue o camiño tripado i estéril da demagogia industrialista é — non descubrimos nada novo — porque o país non importa. Importan os intereses dos grupos que manexan ós espantallos da outa administración. Importa, prá galería, poder decir dentro duns anos que no seitor agrario xa non traballa máis que o « equis » por cento da poboación aitiva, coma se fose un símbolo mítico de progreso, aínda que custe o despoboamento en masa dun país que nada ten de inhóspito nin estéril, e máis a desintegración dunha comunidade que ten ises dereitos fundamentais que neste país están condenados á inerte condición de letra morta.

ONDE ESTA O POBO ?

Dacordo cunha estadística do ano 1960, dous millóns de gallegos viven no campo. A poboación total de Galicia nese ano, era de 2.602.962 habitantes. 0,73,8 % do total vivía en Concellos de menos de mil habitantes. Esa xente, **paga**: impostos, taxas, arbitrios, cuotas da Hermandade, plagas do campo, etc.; **recibe**: corredeiras, embargos, expropiacións, accións concertadas, pasaportes, etc. Non parece que haxa equilibrio.

Nun sistema que mantén un Exército pra uso policial interno, ademais de tódolos outros institutos armados; Garda Civil, Policía Armada, Corpo xeneral de Policía, Policía Municipal, etc. etc., non é extraño que eses dous millóns de habitantes que viven no campo en Galicia somentes poidan recibir do Estado esa panacea pola que todo español de ben, según o criterio dos cerebros que nos gobernan, debe estar agradecido: **ORDEN**.

A carón destas posibilidades e prebendas que recibe o pobo, resaltan os grandes titulares con que na Prensa se publican as ampliacións de capital dos Bancos, empresas eléctricas, etc., que, indubidablemente, contribúen ó desenrolo do país e fomentan a creación dunha situa-

ción máis digna e xusta da xente que traballa de sol a sol no campo ou de lúa a lúa no mar. Déses dous millóns de que falabamos.

Pra que esa xente vexa máis craro o intrés do Goberno por ela, fáille a repoblación forestal dos montes onde levaban a pastar o gando no vran, pra que así, en vez de pastos pra malvivir teñan un pleito pra morrer ben... cansados.

Compénsase a situación dos campesiños co a dos mariñeiros que reciben créditos pra modernización da flota pesqueira (os armadores, naturalmente), e axudas pra que tamén seus fillos poidan morrer no mar coma eles.

Nembargantes, os obreiros non especializados, érguense ás 5 da mañá pra ir traballar á Vila e podérense deitar ás 12 da noite con trinta pesos no peto pra manter a familia, pagar as rendas do hortelo, mandar ós fillos á escola e, en fin, aforrar algo por si perden a vista ou quedan coxos ou mancos, porque as leises de seguridade social non son pra eles.

Estas son cousas sabidas de todos, pro todo sigue igual. 0,73,8 % vive no campo. Dous millóns de persoas nas que ningún pensa nin das que ningún se preocupa; por eso, **ONDE ESTA O POBO ?**



Servicio de Prensa y Propaganda

8, Rue Rigaud - Perpignan

Imprimerie Labau, Perpignan

UAB
Biblioteca de Comunicación
Biblioteca General
CEDOC

A VOZ DOS ESTUDANTES

UNIVERSIDADE E DEMOCRACIA

Evidentemente o SEU, inda nos seus orixens, nunca foi un órgano democrático de representación estudiantil, senon de representación do Goberno dentro do campo da cultura, impondo, por élo, unha absoluta vellección ás dereitricas políticas do réxime.

Nembargantes, dende o ano 1956, a oposición dos estudantes e de varios catedráticos a tal estado de cousas, i a esixencia e necesidade de crear un instrumento representativo dos seus intereses propios, deu base pra que, públicamente, se manifestara á repulsa ó SEU e se pedise a reforma e nova reestrucción do mesmo, de xeito que, democratizándoo, recollese as lexítimas aspiracións dos universitarios.

No curso 1964-65 a protesta estudiantil chega ó máisimo. En Madrid, a «IV Asamblea libre de estudantes» recolle a unánime e firme protesta dos universitarios pola total ineficacia do Sindicato imposto.

A brutal represión da policía gubernativa contra dos 5.000 estudantes que o 24 de febreiro, cos catedráticos ditos diante, levan, en completo orden e silencio absoluto, as conclusións da «IV Asamblea libre de estudantes» pra seren presentadas ó Rector, a formación de expedientes disciplinarios contra dos devanditos catedráticos, as multas, detencións etc..., provocan as folgas e manifestacións en toda España. Fécense as Facultades, e as ameazas de perda de curso, as fortes sancións académicas i económicas, e a promesa dunha reforma sindical, fan que as reivindicacións estudiantiles queden en suspenso algún tempo. Aínda que o Anteproyecto do Decreto non convence a ningún, fánse estudos e suxerencias que as Cámaras de Distrito, órganos saídos das Asambleas libres, intentan facer chegar ó Goberno e que teñan influencia na definitiva redacción do Decreto.

O estudante integrado no SEU, e agora nas «Asociaciones Profesionales de Estudiantes», é decir: estudantes de Centros de Enseñanza Superior, das Escolas Técnicas de Grado Medio, Escolas de Comercio, Bellas Artes, Conservatorios de Música e Declamación..., teñen urxentes problemas que fan necesaria a creación dunha institución verdadeiramente representativa dos seus intereses. Os problemas son moitos: escasa dotación pra Enseñanza no presuposto do Estado, deficiente estroituración da Enseñanza, insuficiencia de medios de investigación e de residencias universitarias prós estudantes de escasos medios económicos, a falta de recoñecemento do SEU por parte das organizacións internacionais, a falta de liberdade docente e discente, etc. etc.

En contra das peticións dos estudantes pra que o SEU fose reemplazado por outra asociación que representase verdadeiramente seus intereses, e fora democrática e autónoma, o Goberno crea as Asociaciones Profesionales de Estudiantes, baixo dos seguintes postulados:

— Separación dos alumnos libres da vida académica. Nada máis que cun permiso especial do Decano, que pode ser retirado en calquer momento, poden asis-

tir ás crases os alumnos libres.

— Supresión dos Consellos de curso e da Cámara Sindical, sendo ésta substituída por unha Xunta Directiva integrada por dous membros de cada curso.

— Os estudantes non poderán esixir responsabilidades ós membros da Xunta, e soio co a maioría dos dous tercios deles se poderá solicitar o cese ou baixa dalgún membro da mesma ó Decano ou Director de Centro, quen será o que decida en último caso.

— O Decano ou Director poderá facer cesar ós membros da Xunta ou suspender toda actividade da APE do Centro, de 1 a 3 meses, si o xuzga comenante.

— O Decano ou Director, á vista da orden do día, aprobará o sitio e hora das xuntanzas.

— A misión da APE redúcese a promover actividades de orden cultural, informativo, asistencial e deportivo. A función sindical queda en mans da «Comisaría para el SEU». O Comisario é nomeado polo Ministro Secretario Xeneral do Movemento.

O Decreto, coma sempre, saíu polo vrán; o 3 de xunio. E, tamén coma sempre, as peticións universitarias de democracia, autonomía e representatividade, foron desatendidas. Mesmo o xefe do Distrito Universitario de Madrid, Antonio Maeso Carbonell, desinado pola Secretaría Xeneral do Movemento, chegou a decir: «Esta orden reguladora es una regresión más allá todavía del anterior Decreto de 1958».

No convencimento de que o Decreto non servía pra nada e non iba enganar a ningún, o Goberno estableceu unha chea de medidas encamiñadas a impedir toda protesta estudiantil, así:

- enxexado dos Centros
- matriculación de policías na Universidade e ingreso de bedeles-policías.
- facilitación da incoación de expedientes

— fomento da actuación de grupos terroristas da extrema dereita, como o chamado «Defensa Universitaria», etc...

Neste curso de 1965-66, os Referendums feitos amostraban escasamente a decisión dos estudantes de non aceptar o Decreto e facer eleccións autónomas e libres, mais os intentos de así facelo foron reprimidos con as ameazas de incoación de expedientes disciplinarios.



As eleccións oficiás foron un fracaso. A falta de candidatos voluntarios, impuxo ás autoridades académicas a necesidade de desinar candidatos obrigados. As votacións deron un resultado dun 80% de votos nulos, en branco, con abstencións. No Distrito de Barcelona un 80% dos estudantes non votou, a pesares de ser ameazados ca formación de expediente prós que non votaran. Moitos dos candidatos elixidos presentaron a dimisión que non lles foi aceptada.

No Distrito de Barcelona somentes funciona unha APE. Nos demais Centros e Facultades non hai nada. Pra ver o xeito de chegar a unha solución, máis de 500 universitarios se reuniron no convento dos capuchinos de Sarriá, nunha Asamblea Libre, en forma absolutamente pacífica, baixo a dirección da Asociación Democrática d'Estudants Catalans; a policía rodeou o convento coma si se tratara dun asalto militar, e os medios de información, o de sempre, terxiversaron de tal xeito a realidade que parecía habían feito perigrar os cimentos do Estado 500 rapaces.

Os universitarios xa saben a verdade. Pra algúns, a decepción, por ser a primeira, é máis grande; pra outros é simplemente a confirmación do que xa sabían.

Hoxe xa nin as promesas nin a propaganda enganán ós estudantes. Todos teñen conciencia de que «esto» é unha farsa.

Soio o medo contén ós estudantes; pero o medo remata por-se acabar, e, pra algúns, xa se rematou.



Antes e dimpois da nova lei

EMILIO JUAN

CEDOC